

máximo dun ano desde que tivesen entrada no órgano competente para resolver, transcorrido o cal, sen que recaese resolución expresa, terán que entenderse desestimadas, de acordo co disposto na disposición adicional segunda da Lei de Rexistro Civil.

Disposición adicional segunda.

A causa de perda prevista no artigo 24.3 do Código civil só será de aplicación a quen chegue á maioría de idade ou á emancipación despois da entrada en vigor desta lei.

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ó disposto nesta lei.

Disposición derradeira única.

Esta lei entrará en vigor ós tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 8 de outubro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

19485 *LEI 37/2002, do 8 de outubro, sobre concesión dun crédito extraordinario, por importe de 4.648.044,15 euros, para o pagamento de indemnizacións derivadas do cumprimento de distintos autos dictados en execución da sentenza do Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección Sexta, do 20 de outubro de 1997, nos que se recoñece o dereito dos reclamantes a seren indemnizados polos danos ocasionados pola rotura da presa de Tous. («BOE» 242, do 9-10-2002.)*

JUAN CARLOS I
REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O crédito extraordinario ten por obxecto dota-los recursos necesarios para lle dar cumprimento á sentenza do Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección Sexta, do 20 de outubro de 1997, que estimou o recurso 455/97, interposto polos afectados polos danos derivados da rotura da presa de Tous (Valencia), acaecida o 20 de outubro de 1982.

A decisión xudicial da sentenza estima o recurso interposto pola representación procesual dos recorrentes, adoptando, entre outros, os seguintes pronunciamentos:

Declara a responsabilidade patrimonial directa da Administración do Estado, por funcionamento anormal

do servizo público no conxunto das actuacións (esencialmente por omisión) determinantes da rotura da presa de Tous (Valencia).

Condena a Administración do Estado a indemnizar-los recorrentes que figuran na parte dispositiva da sentenza, nos danos e perdas producidos polo esborrallamento da presa de Tous que non fosen indemnizados na sentenza dictada pola Sala Segunda do Tribunal Supremo, do 15 de abril de 1997. A determinación e cuantificación líquida realizarase en trámite de execución de sentenza, mediante auto, consonte os criterios sinalados polo Tribunal.

A Administración do Estado está obrigada a aboa-lo xuro legal das cantidades resultantes, desde que foron reclamadas ata o seu completo pagamento.

A mesma sala, Sección e Tribunal dictou corenta e nove autos, en trámite de execución de sentenza, nos que se fixa a cantidade concreta que debe percibir cada reclamante en concepto de indemnización, máis os xuros legais que se xeraren ata o seu completo pagamento.

Coa finalidade de atender-las obrigas derivadas do cumprimento da sentenza e autos aludidos, tramítase este crédito extraordinario.

Artigo 1. *Concesión do crédito extraordinario.*

Concédesse un crédito extraordinario, por importe de 4.648.044,15 euros, á sección 23 «Ministerio de Medio Ambiente», servizo 05 «Dirección Xeral de Obras Hidráulicas e Calidade das Augas», programa 512A «Xestión e infraestrutura de recursos hidráulicos», capítulo 4 «Transferencias correntes», artigo 48 «A familias e institucións sen fins de lucro», concepto 483 «Para atender indemnizacións derivadas da rotura da presa de Tous, en cumprimento da sentenza do Tribunal Supremo do 20 de outubro de 1997».

Artigo 2. *Financiamento do crédito extraordinario.*

O crédito extraordinario que se concede no artigo anterior financiarase con débeda pública, de acordo co establecido no artigo 101 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

Artigo 3. *Autorización para amplia-lo crédito extraordinario.*

Autorízase o ministro de Facenda a amplia-lo crédito que se concede na cantidade necesaria para aboa-lo exceso de xuros que se produzan ata a data en que se realice o pagamento.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 8 de outubro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

MINISTERIO DE FOMENTO

19687 REAL DECRETO 997/2002, do 27 de setembro, polo que se aproba a norma de construción sismorresistente: parte xeral e edificación (NCSR-02). («BOE» 244, do 11-10-2002.)

A Comisión Permanente de Normas Sismorresistentes, órgano colexiado de carácter interministerial, creada polo Decreto 3209/1974, do 30 de agosto, adscrita ó Ministerio de Fomento e radicada na Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional, de acordo co establecido no Real decreto 1475/2000, do 4 de agosto, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Fomento, elaborou unha proposta de nova norma que substitúa a «norma de construción sismorresistente: parte xeral e edificación (NCSE-94)», aprobada polo Real decreto 2543/1994, do 29 de decembro.

Na nova norma, adecuada ó estado actual do coñecemento sobre sismoloxía e enxeñería sísmica, establécense as condicións técnicas que teñen que cumprilas estruturas de edificación, co fin de que o seu comportamento, ante fenómenos sísmicos, evite consecuencias graves para a saúde e seguridade das persoas, evite perdas económicas e propicie a conservación de servizos básicos para a sociedade en casos de terremotos de intensidade elevada.

Na súa virtude, por iniciativa da Comisión Permanente de Normas Sismorresistentes, cumpridos os trámites establecidos na Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, e no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos ós servizos da sociedade da información, e na Directiva 98/34/CE, do 22 de xuño, modificada pola Directiva 98/48/CE, do 20 de agosto, ambas do Parlamento Europeo e do Consello, por proposta do ministro de Fomento e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de setembro de 2002,

DISPONGO:

Artigo 1. *Aprobación da «norma de construción sismorresistente: parte xeral e edificación (NCSE-02)».*

Apróbase a norma de construción sismorresistente: parte xeral e edificación (NCSE-02), que figura como anexo a este real decreto.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

O ámbito de aplicación da norma esténdese a tódolos proxectos e obras de construción relativos a edificación, e, no que corresponda, ós demais tipos de construcións, mentres non se aproben para eles normas ou disposicións específicas con prescricións de contido sismorresistente.

Artigo 3. *Aplicación a proxectos e obras.*

Os proxectos iniciados con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto, así como as obras que se realicen en desenvolvemento destes, e as que estivesen en execución, rexeranse pola norma ata agora vixente.

Disposición transitoria única. *Prazo de adaptación normativa.*

Os proxectos e construcións de novas edificacións e outras obras poderán axustarse, durante un período de dous anos a partir da entrada en vigor deste real decreto, ó contido da norma ata agora vixente ou á que se aproba por este real decreto, salvo que a Administración pública competente para a súa aprobación acorde a obrigatoriedade desta última.

Disposición derogatoria única. *Cláusula derogatoria.*

Queda derogado o Real decreto 2543/1994, do 29 de decembro, polo que se aproba a «norma de construción sismorresistente: parte xeral e edificación (NCSE-94)».

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Fomento para dicta-las disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de setembro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Fomento,
FRANCISCO ÁLVAREZ-CASCOS FERNÁNDEZ